

Asamblea extraordinaria de 15 de setembro do 2007

Hora: 17,00 1ª Convocatoria.
17,30 2ª Convocatoria.

Lugar: Avda. de Galicia, s/n. (antiga Comandancia de Mariña)
Cambados

ORDE DO DÍA:

Punto único: **Solicitud de autorización á Xunta Directiva para asinar por parte da FGCMF unha póliza de crédito de 36.000 euros.**

Comeza a Asamblea ás 17,30 en segunda convocatoria ó non haber o quórum necesario na primeira convocatoria ás 17,00 horas.

A mesa que preside a Asamblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente:	Fernando Piñeiro Oubiña.
Vice-Pres. 1º	Francisco Fernandez Rei
Vice-Pres. 2º	João Paulo Moreira Batista
Secretario	Uxío Allo García

Asistiron representantes das seguintes asociacións membros da FGCMF: 1 Marisma, da Ramallosa, 2 G.E. Mascato, 3 ACD Dorna da Illa, 4 Asoc. Gameleiros Breadouro, 5 Calmoseira, 6 A Rabandeira, 7 A Dorna Portonovo.

Estiveron representadas as colaboradoras Clube Mariño Salnés e Barcos do Norte.

As seguintes asociacións membros da FGCMF outorgáronlle ó presidente Fernando Piñeiro representación para a asemblea: . 1 Galos de Bueu, 2 A.E.T. A Coruña, 3 Sodinautica, 4 A.C. M. Vilaxoan, 5 Asoc. Fasquía , 6 A. Dorna Meca, 7 R.I. Confraría da Dorna, 7 A. Dorna Portonovo. E tamén a asociación colaboradora Expomar de Burela.

O Clube de Mar Ferrol comunicoulle ó presidente que apoiaba o punto único.

O presidente Fernando Piñeiro explica a urxencia da presente reunión extraordinaria. Para cobrar a axuda da Consellería de Pesca e Asuntos Marítiimos cómpre que antes do 30 de setembro se remitan a esa Consellería as facturas que xustifiquen a subvención que concederon para o Encontro de Ferrol; de aí a necesidade de solicitar unha póliza de crédito equivalente ó total de euros concedidos por Pesca, para pagar as correspondentes facturas.

Despois de varias intervencións, procédese a votar o único punto da orde do día, que se aproba por unanimidade.

Remata a asemblea ás 18h 10'

Cambados, 15 de setembro do 2007

O Secretario:
Uxío Allo García

Vº e Pr.
O Presidente:
Fernando Piñeiro Oubiña.